

**Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 28 de setembro de 2015, polo que se convoca concurso de méritos para a provisión dun posto de traballo vacante na Administración do Parlamento de Galicia.**

Existindo na relación de postos de traballo una praza vacante dotada orzamentariamente e cuxa provisión se considera necesaria, previa negociación na Mesa de Negociación, a Mesa do Parlamento acordou, con data do 28 de setembro de 2015, de conformidade co disposto nos artigos 30.1.2 e 60.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia e 16 e 28 do seu Estatuto de persoal, convocar concurso de méritos para a provisión do posto de traballo vacante que se especifica no anexo I desta resolución, de conformidade coas seguintes

**BASES**

**1. Normas xerais**

Convócase concurso de méritos para cubrir unha praza do corpo administrativo, grupo C, incluída na relación de postos de traballo do Parlamento de Galicia que se detalla no Anexo I.

A praza está dotada coas súas retribucións correspondentes, consignadas nos orzamentos do Parlamento de Galicia do ano en curso.

A este proceso seralle de aplicación o Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia e o disposto nesta convocatoria.

**2. Requisitos dos/as aspirantes**

**2.1. Xerais**

Para seren admitidos, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- 2.1.1. Pertencer, como funcionario/a de carreira, ao corpo administrativo do Parlamento de Galicia (grupo C).
- 2.1.2. Non exceder a idade de xubilación forzosa.
- 2.1.3. Non padecer enfermidade ou discapacidade que impida o desempeño das funcións correspondentes.
- 2.1.4. Non ter sido obxecto dunha separación de servizo de calquera administración pública mediante expediente disciplinario nin dunha inhabilitación con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.

**2.2. Concorrencia**

Os requisitos establecidos no punto anterior deberán cumprirse no último día do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento de toma de posesión da praza resultante deste proceso.

**3. Valoración de méritos**



30 SET. 2015

Núm. 18935

Os méritos que se terán en conta para a resolución do procedemento de concurso serán os seguintes:

3.1. Antigüidade, ata un máximo de 5,5 puntos:

3.1.1. Servizos prestados como funcionario/a de carreira no mesmo grupo da praza á que se opta: 0,015 puntos/mes. Para estes efectos, considéranse servizos prestados o tempo de gozo da excedencia para o coidado de fillos e familiares.

3.1.2. No caso de servizos prestados en grupos inferiores, a puntuación por mes será de seis milésimas menos por cada grupo no que se prestara servizos. Así mesmo, no caso de servizos prestados en grupos superiores a puntuación por mes será de catro milésimas máis por cada grupo no que se prestara servizos.

3.2. Grupo no que o funcionario/a se atopa en servizo activo:

3.2.1. Grupo C: 2 puntos.

3.2.2. Grupo B : 3 puntos

3.2.3. Grupo A: 4 puntos

3.3. Grao persoal consolidado, ata un máximo de 4 puntos:

3.3.1. Nivel 13: 1 punto

3.3.2. Por cada unidade máis: 0,18 puntos.

3.4. Formación, ata un máximo de 3 puntos:

Pola realización de cursos incluídos dentro do Plan de Formación do Parlamento de Galicia, escolas oficiais de formación das comunidades autónomas, universidades, administracións públicas ou por outras entidades, sempre que contén con homologación oficial de escolas públicas de formación.

Para estes efectos valoraranse os cursos sobre xestión parlamentaria e xestión administrativa (sen carácter exhaustivo, cursos sobre procedemento parlamentario, procedemento e xestión administrativa, contratación administrativa, xestión de persoal, xestión orzamentaria, arquivo) así como os cursos de carácter transversal (sen carácter exhaustivo, cursos sobre seguranza e saúde laboral, igualdade, informática e idiomas oficiais da Unión Europea).

Valoraranse ademais os cursos sobre materias relacionadas coa praza á que se opta.

A valoración dos cursos farase de acordo cos seguintes criterios:

3.4.1. Por cada curso igual ou superior a 12 horas lectivas e ata 39 horas lectivas: 0,20 puntos por curso.

3.4.2. Por cada curso igual ou superior a 40 horas lectivas e ata 74 horas lectivas: 0,40 puntos por curso.

3.4.3. Por cada curso igual ou superior a 75 horas lectivas e ata 99: 0,80 punto por curso.

3.4.4. Por cada curso superior a 100 horas : 1 punto

Non se valorarán os cursos que non acrediten as horas de duración, cursos inferiores a 12 horas lectivas, nin os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

Nos cursos de idiomas e calquera outro nos que se acrediten varios niveis sobre a mesma materia, valorarase unicamente o de nivel superior.

30 SET. 2015

Núm. ...18935.....

3.5. Grao de coñecemento do idioma galego, sempre que os títulos ou certificados contén con homologación oficial, ata un máximo de 3 puntos.

3.5.1. Cursos de coñecemento do idioma galego:

3.5.1.1. Cursos de entre 12 horas e ata 39 horas lectivas: 0,20 puntos por curso.

3.5.1.2. Cursos de entre 40 horas e ata 74 horas lectivas: 0,40 puntos por curso.

3.5.1.3. Celga 3 ou equivalente: 0,75 puntos.

3.5.1.4. Celga 4 ou equivalente: 1,50 puntos.

A puntuación máxima neste subapartado será de 1,50 puntos.

3.5.2. Cursos de linguaxe administrativa, xurídica, ciclo superior e Celga 5:

3.5.2.1. Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas: 0,75 puntos.

3.5.2.2. Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega, curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega ou Celga 5: 1,50 puntos.

A puntuación máxima neste subapartado será de 1,50 puntos

3.6. Traballo desenvolvido en anteriores postos, en materias relacionadas co posto ao que se opta, ata un máximo de 2,5 puntos: 0,010 puntos por mes.

3.7. Titulación académica distinta da requirida para o acceso ao grupo de pertenza, sexa esta igual ou superior, cun máximo de 1 punto:

3.7.1. Bacharelato ou equivalente: 0,20 puntos.

3.7.2. Técnico superior ou equivalente: 0,40 puntos.

3.7.3. Diplomado/a ou equivalente: 0,60 puntos.

3.7.4. Licenciado/a ou grao : 0,80 puntos.

3.7.5. Doutor/a: 1 punto.

3.8. Exercicio de dereitos de conciliación nos cinco anos anteriores á data de publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, ata un máximo de 0,5 puntos:

3.8.1. Licenza de maternidade: 0,05 puntos/licenza

3.8.2. Permiso de paternidade: 0,05 puntos/permiso

3.8.3. Redución de xornada prevista no artigo 59.1.f) do Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia: 0,05 puntos. Para estes efectos, só se computará unha redución por ano.

3.8.4. Excedencia para coidado de fillos e familiares: 0,01 puntos/mes.

#### 4. Supostos de empate

No caso de que dous ou máis candidatos/as obteñan a mesma puntuación, os criterios de desempate serán, por esta orde, os seguintes:

4.1. A maior puntuación segundo a orde de méritos establecida na base 3.

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*

Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior



4.2. O maior tempo de pertenza ao grupo correspondente á praza á que se opta.

4.3. A maior idade.

## 5. Solicitudes

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia, ou por calquera dos medios establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As solicitudes dirixiranse á Presidencia do Parlamento de Galicia segundo o modelo que figura no anexo II.

O prazo de presentación será de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

A solicitude estará dispoñible na páxina web do Parlamento de Galicia.

Xunto coa solicitude presentarase a documentación acreditativa dos méritos alegados de acordo co establecido na base 3. Non será necesaria a presentación dos méritos que xa se atopen en poder da Administración parlamentaria.

Toda a documentación presentada deberá ser en orixinal ou copia compulsada.

## 6. Relacións de admitidos e excluídos

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia ditará resolución na que se declarará aprobada a relación provisional de admitidos e excluídos, con indicación de apelidos, nome e número de documento nacional de identidade, xunto coa motivación da exclusión, se é o caso. Esta resolución publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia ([www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es)).

Os excluídos dispoñerán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivase a exclusión. Para tal efecto, a estimación ou desestimación destas peticións de emenda entenderanse implícitas na resolución pola que se determine a relación definitiva de admitidos e excluídos.

Transcorrido o dito prazo, a Presidencia ditará resolución definitiva de admitidos e excluídos. Contra a dita resolución poderá interperse recurso potestativo de reposición ante este órgano no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de conformidade co establecido na citada Lei 30/1992, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

## 7. Comisión de valoración

### 7.1. Nomeamento e composición

A valoración dos méritos alegados polos/as concursantes para a adxudicación do posto de traballo vacante será efectuada por unha comisión de valoración nomeada pola Presidencia da Cámara. No seu funcionamento, rexerase polo disposto no capítulo II do título II, da referida Lei 30/1992.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL SAÍDA

30 SET. 2015

Núm. 18935

A comisión de valoración estará composta por un presidente/a, secretario/a e tres vogais, que serán funcionarios/as da Administración do Parlamento, un dos cales será proposto pola Xunta de Persoal. Nomearase igual número de suplentes.

Todos os membros da comisión de valoración terán dereito a voz e voto. O presidente/a terá voto de calidade para dirimir os posibles empates

A dita comisión de valoración non poderá estar composta maioritariamente por persoal do corpo ou escala a que pertence a praza. Ningunha persoa integrante terá titulación inferior á exixida para o grupo ao que pertence a praza convocada. Na súa composición debe atenderse aos principios de imparcialidade e profesionalidade e ao disposto no artigo 36 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.

A comisión de valoración poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos dos asesores especialistas que coide necesario. Tales asesores limitaranse a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de tales asesores deberá comunicárselle á Presidencia do Parlamento de Galicia.

#### 7.2. Abstención e recusación

Os membros da comisión de valoración deberán absterse, ou poderán ser recusados polos aspirantes, cando concorran algún dos supostos previstos nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992. Cando se produza esta situación e, consecuentemente, a vacante dun membro da comisión de valoración titular, o seu suplente cubrirá o devandito posto, e a Presidencia designará un novo suplente.

O presidente/a solicitará dos membros do tribunal declaración expresa de non se atoparen incurso nas circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992 ou nas previstas nas presentes bases.

#### 7.3. Constitución e actuación

A comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, tres dos seus membros.

As decisións adoptaranse por maioría dos presentes.


Por cada sesión da comisión levantarase acta, coa sinatura do secretario/a e o visto e prace do/a presidente/a.

### 8. Valoración de méritos e proposta de adxudicación

Valorados os méritos dos/as solicitantes, a adxudicación do posto de traballo ofertado recaerá, en todo caso, sobre o candidato/a que obtivese maior puntuación conforme o baremo establecido na base 3, así como, se é o caso, conforme os criterios de desempate establecidos na base 4.

Unha vez efectuada a valoración provisional dos méritos, farase pública no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Os/as concursantes poderán formular as oportunas reclamacións o prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación.

As reclamacións dirixiranse á presidencia da comisión de valoración.



Na fase de reclamacións non se admitirá a presentación de méritos que non se inclúsen na presentación da solicitude.

Examinadas e resoltas pola comisión as reclamacións presentadas, elevarase proposta de resolución do concurso á Mesa do Parlamento de Galicia.

A convocatoria resolverase por acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, que se publicará no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

#### **9. Adxudicación de destino**

O destino adxudicado será irrenunciabile, salvo que con anterioridade á finalización do prazo posesorio se obteña outro destino mediante convocatoria pública, ben polo procedemento de concurso ou libre designación, casos en que o/a interesado/a poderá optar por calquera dos postos adxudicados. Estarán obrigados a comunicar por escrito a opción realizada á Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior no prazo de tres días.

#### **10. Toma de posesión**

A toma de posesión no posto adxudicado como consecuencia da resolución do presente concurso efectuarase a partir da data que se faga constar na resolución da Presidencia.

#### **11. Recursos**


Contra o acordo polo que se resolve o concurso de méritos, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Mesa de Parlamento, no prazo dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contado desde a mesma data, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2015

Miguel Ángel Santalices Vieira  
Vicepresidente 1º

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Santalices Vieira, Vicepresidente 1º na data 30/09/2015  
10:52:42**



ANEXO I

- Denominación do posto: administrativo
- Código do posto: AP49
- Situación na estrutura orgánica: Dirección de Xestión Parlamentaria. Servizo de Publicacións
- Forma de provisión: concurso
- Grupo: C
- Corpo: administrativo
- Nivel: 18
- Complemento específico: 17.048,50 €



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL SAÍDA

30 SET. 2015

Núm. 18935

Selo de Rexistro

ANEXO II

SOLICITUDE DE ADMISIÓN A CONCURSO DE MÉRITOS

CORPO ADMINISTRATIVO DO PARLAMENTO DE GALICIA

Datos persoais:

1º APELIDO	2º APELIDO
NOME	DNI
CORREO ELECTRÓNICO (o/a aspirante acepta recibir as comunicacións a través deste medio):	

1.

Meses

Grupo

1.- Antigüidade na Administración		
-----------------------------------	--	--

2.- Grupo no que o/a funcionario/a se atopa en servizo activo	
---	--

3.- Grao persoal consolidado	
------------------------------	--

4.- Cursos de formación:		
Título do curso	Entidade que o impartiu	Número de horas

5.- grao de coñecemento do idioma galego:		
Diploma ou curso	Entidade que o impartiu	Número de horas

Meses

6.- Traballo desenvolvido en en anteriores postos, en materias relacionadas materias relacionadas co posto ao que se opta	
---	--

7.- Titulación académica distinta á requirida para o acceso ao grupo de pertenza	
--	--

8.- Exercicio de dereitos de conciliación	Datas
Licenza de maternidade	
Permiso de paternidade	
Redución de xornada	
Excedencia para coidado de fillos ou familiares	

A persoa que asina abaixo SOLICITA ser admitida ao concurso de méritos convocado por Resolución da Presidencia do de 2015 e DECLARA que son certos os datos consignados nela e que reúne as condicións exixidas para participar no concurso de méritos para a provisión do posto de traballo vacante que se especifica no anexo I desta resolución e as especialmente sinaladas a convocatoria, e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

Santiago de Compostela, ..... de .....de 2015  
(Sinatura do/a solicitante)

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia  
Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior